

# NOTA PRENSA

As organizacións sindicais ANPE, CCOO, CSI-CSIF Y FETE-UGT desexan dar a coñecer a toda a opinión pública a súa postura ante algúns temas educativos de candente actualidade:

## DECRETO DE BACHARELATO

Consideramos que, unha vez conseguida a implantación de dúas modalidades, como mínimo, en todos os centros que impartan bacharelato é imprescindible que a oferta de todas elas teña unha rede xeográfica que cubra todas as necesidades, impedindo que os alumnos da nosa Comunidade Autónoma non poidan cursar algunha por faltar no seu ámbito próximo. Reprochar, iso sí, que a Consellería de Educación non negociase a oferta dos bacharelatos cos representantes legais do profesorado.

Esiximos que unha vez solucionado o problema de horario de E. Física, naquelas materias nas que o profesorado vexa modificadas as súas condicións laborais, a Administración educativa adopte as medidas pertinentes que permitan ampliar a oferta dos centros paliando así as repercusións horarias do profesorado afectado.

Consideramos demagóxicas todas aquelas propostas que carecen de viabilidade legal, por ter establecido o seu horario mínimo na normativa básica que non é obxecto de modificación en Galicia.

## CALENDARIO ESCOLAR: HORARIO LECTIVO DO ALUMNADO DE INFANTIL E PRIMARIA PARA OS MESES DE XUÑO E SETEMBRO.

Logo de aprobar o calendario escolar para o curso 2008/2009, nos centros docentes sostidos con fondos públicos, os sindicatos que convocamos esta rolda de prensa manifestamos:

1. Que o acordo firmado o 30 de abril de 2007 entre as organizacións sindicais CCOO, FETE-UGT, ANPE, STEG y CSI-CSIF, comprometeu á Consellería de Educación e O.U a negociar o Acordo do 8 de xuño de 2007.
2. Que este Acordo do 8 de xuño asinado pola Consellería de Educación e O.U e CIG, CCOO, FETE-UGT, ANPE e CSI-CSIF supuxo ademais dun incremento nos cadros de persoal dos centros, a **REDUCCIÓN DA XORNADA LABORAL** do profesorado do corpo de mestres, diminuíndo o **horario de permanencia semanal no centro de 30 a 25 horas e de docencia directa co alumnado de 25 a 21 horas.**

3. Que no proceso negociador do acordo do 8 de xuño de 2007, TODOS os sindicatos asinantes intentan introducir na redacción do documento a necesidade de manter a redución de xornada nos meses de Xuño e Setembro, algo que a administración non admitiu, polo que, TODAS AS OO.SS asinantes asumen que o horario do alumnado pasase a ser de 25 horas semanais durante todo o curso.
4. Valoramos moi positivamente que por 1ª vez se desvincule o horario do profesorado do horario do alumnado

### **XORNADA CONTINUADA E XORNADA MIXTA.**

Todas as organizacións participantes nesta rolda de prensa reprochan á Consellería de Educación e O.U que tendo chegado no acordo do 30 de Abril ao compromiso de “flexibilizar “ os criterios para a implantación da Xornada Única nos centros da nosa Comunidade Autónoma e aínda considerando un avance as modificacións que esta sofre coa nova regulación, así como a aparición da nova modalidade de Xornada Mixta non podemos máis que dicir que nos resulta inadmisíble, e de aí a falta de acordo xa que a Admón. Educativa segue condicionando as dúas modalidades **AO TRANSPORTE ESCOLAR**, sendo de todo inaceptable para as organizacións asinantes desta nota.

